

PREGUNTA DE AER SOBRE CAMIÑOS CHAPELA

PLENO 25 OUTUBRO 2012. ACTA 17/2012

Logo de que nunha xuntanza do equipo de goberno cos veciños de Chapela o seu voceiro afirmara que arranxarían, “o mes de agosto ao máis tardar”, as rúas da estrada á Igrexa (San Fausto), o camiño do Penisal, o camiño do Subido e Ánimas, tralo desastre deixado polas obras da mellora das acometidas da auga. Sabendo que no mes de xullo foi unha cuadrilla do Concello a dotar dun servizo de sumidoiro solicitado e pagado por un veciño do camiño do Piñeiral e que foi rematado ó xeito máis chapuzas (capa de 2 cm. De aglomerado sobre a terra fresca sen compactar e que aínda se desprende como plastilina, onde existía un de 20 cm de formigón con armado metálico).

Cando pensar reparar todos estes desperfectos que levan sufrindo os veciños da zona durante meses?.

O concelleiro Pazos Couñago clarexa que non interviu neste tema no seu día e difamóuselle, o Alcalde dixo os compromisos aos que se chegaron e intentarán cumprir cos que restan.

O concelleiro Varela Couñago respecto ás difamacións, dí que dende a A.E.R. Non se quizo facer esas calumnias en ningún momento, sendo unha persoa en concreta.